



**Encontros Monográficos co
Patrimonio Cultural 36**

**Como abordamos a
conservación
preventiva en Galicia?
Análise e debate.
Conclusións**

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Martes, 5 de abril de 2022



Coida adecuadamente os teus monumentos e non necesitarás restauralos. Unhas poucas láminas de chumbo colocadas a tempo sobre o tellado e unhas poucas ramas e follas mortas retiradas a tempo dun curso de auga salvarán da ruína o teito e os muros. Vixía un vello edificio cun coidado ansioso; protéxeo o mellor que poidas e a calquera prezo de toda ameaza de dilapidación. Conta as súas pedras como contarías as xoias dunha coroa; establece quendas de vixilancia ao seu redor coma se fosen as portas dunha cidade asediada; amárrao con ferro onde se afrouxe; sopórtao con madeira onde decline; non te preocupes pola fealdade do arranxo; mellor unha muleta que un membro perdido; e fai isto con tenrura e reverencia e constancia, e moitas xeracións nacerán e morrerán baixo a súa sombra. Ao final chegará o seu día aciago; pero deixa que o faga manifestamente e abertamente e non deixes que un deshonroso e falso substituto o prive dos funerais da súa memoria.

(John Ruskin, 1849. "Chapter VI. The lamp of memory XIX", *The Seven Lamps of Architecture*)

En 1999, Gaël de Guichen, un referente internacional na estratexia da conservación preventiva, preguntábase se esta era unha simple moda pasaxeira ou un cambio transcendental. O que hoxe nos preguntabamos desde este encontro é se a conservación preventiva está pasada de moda, temos que volver poñela no foco e/ou temos que repensala. Algúns e algunhas profesionais seguimos pensando que a conservación preventiva, e todo o que implica, é o camiño idóneo para preservar o noso patrimonio dun modo sistemático e sostible e que implica un esforzo continuado no tempo, sobre todo por parte das institucións responsables da súa tutela, mais incorporando a sociedade civil, que acaba de manifestar a súa preocupación sobre o estado en que se atopan os bens que, normalmente, constitúen un referente identitario para ela, e incluso de organizarse para asumir un papel responsable neste eido. A pesar disto, e da existencia de actividades e intervencións que son modélicas, o certo é que nos atopamos nos últimos anos con intervencións de restauración moi invasoras en bens culturais moi sinalados e cun abandono xeneralizado do patrimonio menos monumental. Se temos en conta que desde 2011 está en marcha o Plan Nacional de Conservación Preventiva (<https://www.culturaydeporte.gob.es/planes-nacionales/planes-nacionales/conservacion-preventiva.html>)¹, cabe

¹ "A conservación preventiva abórdase como estratexia de identificación, detección e control dos factores de deterioración dos bens culturais, co fin de minimizar os seus efectos neles. Consiste nunha actuación continuada na contorna dos bens para evitar, na medida do posible, a intervención directa sobre eles.

A complexidade na conservación dos bens culturais, en especial dalgúns, como os centros históricos das cidades, as paisaxes culturais, a arte rupestre e os bens culturais ligados a ecosistemas naturais, ou os compoñentes do patrimonio inmaterial, esixe ferramentas específicas e complexas, moi diferentes ás desenvolvidas ata o de agora para a aplicación de estratexias adecuadas de conservación preventiva.

O Plan Nacional de Conservación Preventiva concíbese como o instrumento necesario para a xeneralización de modelos organizativos, métodos de traballo, criterios de actuación e protocolos ou ferramentas de xestión como principio fundamental para a conservación do patrimonio cultural e o seu mantemento de forma viable e sostible no tempo. Todo iso tendo en conta os recursos dispoñibles, a

preguntarse se non deberíamos revisar algunhas destas intervencións e incluso a situación actual desde o mesmo.

No Encontro Monográfico co Patrimonio Cultural 36, que tivo lugar o día 5 de abril no Consello da Cultura Galega, reflexionouse sobre estes aspectos. O arqueólogo Felipe Arias Vilas, antigo director do Museo do Castro de Viladonga, tróuxonos varios exemplos de restauracións desmesuradas e de elevado custo que non cumpren, entre outros, cos principios das Cartas Internacionais sobre a relación entre o volume conservado e o reconstruído. E Carolina Casal Chico, historiadora da arte con ampla experiencia na xestión do patrimonio eclesiástico, mostrounos o camiño que tomaron desde a Comisión Xunta de Galicia-Igrexa Católica para preservar os bens eclesiásticos mobles ante o posible colapso das cubertas dos edificios que os albergaban, poñendo como exemplo o convenio coa Diocese de Lugo, que ten como obxectivo elaborar un proxecto museográfico: o “Depósito de Bens Culturais da Diocese de Lugo”, un proxecto que a investigadora definiu como diferente e innovador, do que xa está feito o edificio, un espazo plurifuncional (con espazos de almacenaxe, zonas para rexistro e documentación dos bens...), e que implica tamén o inventario de pezas senlleiras. O obxectivo deste proxecto sería cumprir coa obriga da salvagarda que ten a Igrexa católica con respecto a un patrimonio que está quedando sen uso, aspecto que ten moito que ver co despoboamento das zonas rurais. Sobre este aspecto volveremos máis adiante. Entre estas dúas ópticas puidemos comprobar que nos asistentes e participantes do debate parecía haber unha maioría que aposta pola conservación preventiva e porque esta se coloque como prioridade nas políticas patrimoniais.

A partir das reflexións que realizaron os catro relatores e dos comentarios vertidos no debate, poderíamos singularizar algúns aspectos que se salientaron a modo de pequenas conclusións do encontro:

- É imprescindible un Plan Autonómico de Patrimonio Cultural de Galicia, que desenvolva un plan de xestión axeitado á especificidade do patrimonio galego, cos seus subplans, nos que se recolla un específico sobre conservación preventiva.
- É necesario reforzar a conexión entre as diferentes institucións en que recae a salvagarda do patrimonio cultural (PC) e a sociedade.
- É importante que exista transparencia na toma de decisións sobre os criterios nas intervencións de conservación-restauración, que se fomenten os debates interdisciplinarios e que as tomas de decisións sexan consensuadas.

- Existe unha insuficiencia de persoal na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para facer fronte á xestión do inxente PC de Galicia. Por outra banda, o número de conservadores-restauradores cos que conta é meramente testemuñal; de feito, existe unha descompensación entre disciplinas.
- Afondando no punto anterior, é necesario formar equipos especializados desde as institucións en que recae a salvagarda do PC, con diferentes perfís, de xeito que se poida facer un Plan (subplan) de conservación preventiva que abarque todo o noso territorio: inventario dos bens materiais e inmateriais, análise do estado de conservación, proposta de medidas correctoras e a súa urxencia (por exemplo, un plan específico e urxente de revisión de cubertas e pluviais e a desinsectización curativa ou preventiva de determinadas estruturas e elementos mobles).
- É fundamental inventariar para protexer. Mais xorde a pregunta de se podemos e debemos protexer todo. Nos catálogos recóllense só os bens máis relevantes, senlleiros e significativos do PC, pero como se definen os criterios de selección? A partir de intereses concretos, de criterios de xestión ou da relevancia de determinados tipos de patrimonio en cada momento da nosa historia recente. Neste aspecto, tamén é importante a existencia de consenso e transparencia.
- É necesario asumir o deber de conservación, que está na lei pero que non se está exixindo coa necesaria rotundidade a institucións e propietarios. A existencia dun plan con xestións planificadas podería axudar a corraxir este problema.
- A existencia dun plan tamén debería supor a redistribución dos fondos, de maneira que non revertan só nos bens culturais máis monumentais ou de maior atractivo turístico en función de cada momento, de xeito que se reparta de forma equitativa atendendo ás necesidades do patrimonio, ao grao de conservación no que se atope e aos criterios establecidos de selección.
- As intervencións deixaron patente a necesidade da existencia de inventarios, que deben ser constantemente re-visitados, sobre todo para adaptar os criterios de selección ás normativas vixentes. No caso dos concellos, nos que recaen competencias desde a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, deixouse patente que a protección efectiva depende da ferramenta urbanística, e a normativa urbanística debe identificar, localizar e delimitar cunha contorna específica os bens que forman parte do concello, xa que, se isto non se fai, non é posible protexelos.
- É importante que a sociedade e as institucións asuman que a conservación preventiva non é gratis (pois supón a mobilización de equipos de traballo ou a necesidade de desenvolver intervencións

preventivas e urxentes) pero a súa posta en marcha minimiza os custos porque dela se benefician todos os bens culturais, evita perdas e descontextualización e contribúe ao arraigamento da poboación ao seu patrimonio herdado.

- É importante reflexionar sobre solucións similares ao desenvolvemento do “Depósito de Bens Culturais”. Aínda que pode ser axeitado en casos extremos, non é unha solución de cara ao despoboamento, a maior parte dos problemas asociados ao PC abandonado relaciónase coa ausencia de persoas en determinadas zonas do territorio galego que asumían certos labores básicos na conservación preventiva, e que agora non se fan. Podemos levar todo o noso PC abandonado a estes depósitos, coa consecuente perda de identidade do patrimonio? Debemos facelo? Como imos combater os grandes problemas deste tipo de PC se eliminamos os propios factores que poderían supor unha volta da poboación a determinadas zonas? No debate este aspecto marcouse como unha problemática delicada que sería necesario discutir como sociedade.
- É urxente remarcar a importancia da cidadanía na preservación do patrimonio, o que implica fomentar o interese da sociedade polo seu patrimonio ata que sexa esta mesma a que reclame a súa conservación. Isto implica compromiso por parte das institucións: axudando e acompañando a aqueles cidadáns e cidadás que teñen iniciativas, tanto para que as actuacións sexan correctas, para dotalos de ferramentas para a correcta conservación preventiva, como para acompañalos nos trámites administrativos. Debemos ser capaces de converter a cidadanía nunha aliada na conservación e xestión do PC.
- Isto implica investir na educación patrimonial e fomentar a conservación do PC desde a escola. O que comporta un novo Subplan de Educación Patrimonial.
- É necesario preservar para non restaurar (ou evitalo na maioría dos casos), fuxindo, así mesmo, de restauracións esaxeradas e de recreacións innecesarias.
- Cómpre unha chamada de urxencia, desde a sociedade, aos técnicos e ás institucións sobre a destrución dunha parte importante do patrimonio cultural galego (se as Pallozas de Piornedo se perden, desaparece un tipo de arquitectura que leva consigo un modo de vida, pois só quedan estas). A destrución de determinados tipos de patrimonio supón tamén a destrución dun tipo de modo de vida.
- Cómpre poñer a disciplina da conservación-restauración no seu lugar, como eixe dun plan de conservación preventiva e estando presente na toma de decisións que afecten as intervencións nos bens culturais.